



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERIA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCION E PROTECCIÓN DA SAÚDE.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2020.

REUNIDOS

Dunha parte, os Sres. D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo e D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, a teor do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e o seu Presidente.

Doutra parte, D. Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (CIF V15160963) que actúa en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

I.- O Decreto 130/2020, do 17 de setembro, regula a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo como o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración local.

II.- O Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que ésta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde, de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de autonomía de Galicia e que lle foron asignadas polo Decreto 28/1980, de 15 de outubro.



O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, establece que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

III.- A disposición adicional quinta, apartado 3, da Lei 7/1985, de 5 de abril, reguladora das bases do Réxime Local determina que as asociacións de entidades locais, no ámbito propio das súas funcións, poderán celebrar convenios coas distintas Administracións Públicas. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 12. 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, poderán actuar como entidades colaboradoras da Administración na xestión das subvencións da que poidan ser beneficiarias as Entidades Locais e os seus organismos dependentes.

Para estes efectos, entre os fins da FEGAMP (artigo 2 dos seus estatutos) figuran a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais, e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Así, a FEGAMP poderá constituír servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros, ou subscribir, como xa se ten dito, os acordos e convenios necesarios.

IV.- O 3/12/2014, o 11/12/2015, o 24/11/2016, 7/11/2017, 20/09/2018 e 13/11/2019 asináronse sendos convenios coa FEGAMP como entidade colaboradora e representante única de todos os Concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos aditivos.

V. Para o ano 2020, preténdese continuar a liña de colaboración coa FEGAMP, no relativo aos servizos de atención sanitaria aos trastornos aditivos, aparecendo consignada a contía correspondente a dita colaboración nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para dito exercicio.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, así como a especificidade técnica que requiren os programas a desenvolver e a prioridade de darlle continuidade aos mesmos, non resulta posible promover concorrencia pública, polo que o réxime destas axudas encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI.- A través do presente convenio, preténdese dar continuidade aos servizos que viñan xestionando as entidades locais no relativo a servizos de atención sanitaria aos trastornos aditivos existentes en cada un deles, o que implica que a Comunidade Autónoma preste especial atención a este tipo de gastos, polo que se prevé especialmente no convenio a



posibilidade de realizar o pagamento anticipado do 100% do importe da subvención concedida, de conformidade coa normativa aplicable en materia de subvencións.

Deste xeito procúrase a flexibilidade na xestión e utilización dos fondos para os fins previstos no seu conxunto.

Ademais, o mecanismo elixido busca a simplificación dos trámites administrativos e a racionalización da xestión do cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento do propio convenio.

En base ao exposto anteriormente, as partes asinan de común acordo o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

1.- O obxecto do presente convenio é regular as condicións que rexerán a relación entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a FEGAMP como entidade colaboradora e os concellos que se adhiran e acepten as subvencións cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio para o financiamento e desenvolvemento de:

Programas de axudas para Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs), a través dos Concellos que dispoñan destas unidades, atendendo á planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos aditivos en Galicia publicado en 2011.

As axudas axustaranse ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e comprenderán, entre outras, as funcións de prevención, prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan en coordinación co sistema de servizos sociais.

2.- Dentro do marco de desenvolvemento do Pacto Local, o presente convenio establece as condicións que rexerán entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

3.- De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros



públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

Segunda.- Criterios obxectivos de reparto.

O reparto dos fondos atenderá á prioridade de dar continuidade aos programas existentes, e o importe da subvención a cada concello virá determinado polo cumprimento dos seguintes criterios, coa porcentaxe asignada sobre o total do importe deste convenio:

- O 44,38% do orzamento repartirase proporcionalmente entre os concellos que dispoñan dunha UAD en funcionamento.
- O 26,33% do orzamento repartirase proporcionalmente entre aqueles concellos que dispoñan dunha Unidade de Día en funcionamento.
- O 7,04% do orzamento repartirase proporcionalmente entre aqueles concellos que pertencen a un área de máximo risco de conformidade co último estudo epidemiolóxico realizado polo Servizo Galego de Saúde (O consumo de drogas en Galicia IX. ISBN 978-84-453-4580-1).
- O 15,48% do orzamento repartirase de xeito proporcional entre aqueles concellos que dispoñan de infraestruturas e instalacións independentes dos centros hospitalarios, centros de saúde ou puntos de atención continuada pertencentes á Consellería de Sanidade.
- O 2,05% do orzamento repartirase entre os concellos que leven a cabo medidas de coordinación cos centros de atención primaria no seguimento dos problemas de saúde e coas unidades de saúde mental para a coordinación en casos comúns (patoloxía dual), o que implica unha maior coordinación da asistencia dispensada. O cumprimento destas medidas será obxecto de valoración, debendo aportar os concellos unha memoria acreditativa da realización deste tipo de actividades.
- O 1,50% do orzamento repartirase proporcionalmente entre aqueles concellos que realicen atención en horario de tarde. O cumprimento deste requisito será obxecto de



comprobación, debendo achegar os concellos unha declaración responsable do horario de apertura ao longo deste 2020.

- O 2,22% do orzamento será repartido proporcionalmente entre os concellos segundo a poboación da área asistencial de cada UAD (segundo datos IGE).
- O 1,00% restante do orzamento será repartido entre aqueles concellos que incrementaran no 2019 o seu volume asistencial con respecto ao ano 2018.

O reparto farase de xeito proporcional a esta variación porcentual de volume, asignando 1 punto a aqueles concellos que incrementen o volume asistencial ata un 1% e 2 puntos a aqueles que superen esta porcentaxe de incremento. O valor do punto será o resultado de dividir o importe asignado a este criterio (1,00% do total) entre a suma dos puntos obtidos polas entidades.

No caso de que exista algún criterio que non sexa cumprido por ningún dos concellos este remanente resultante sumarase á porcentaxe do 1,00% que se reparte por incremento de volume asistencial, para ser repartido segundo este criterio.

Terceira.- Obrigas da Administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Administración sanitaria, a través dos seus orzamentos, colaborará cunha achega ingresada na conta da FEGAMP, que se destinará ao financiamento dos custos que supoña a realización dos proxectos, programas e axudas recollidos na cláusula primeira executados polos concellos, de conformidade cos criterios anteriormente indicados e previos os informes técnicos pertinentes.

Para tal efecto, a colaboración coa FEGAMP establecerase a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Valorados os informes previstos neste convenio pola Comisión de seguimento, a adxudicación das axudas realizarase, mediante resolución do/a conselleiro/a de Sanidade, sen prexuízo da súa delegación de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Cuarta.- Obrigas da FEGAMP.

A FEGAMP, como entidade colaboradora e representante única de todos os Concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos aditivos, recibirá os fondos e transferiaos en nome e por conta da Xunta de Galicia aos concellos seleccionados, comprometéndose a fa-



cer constar expresamente a súa procedencia, así como a finalidade do seu traspaso, de conformidade cos criterios anteriormente indicados e previos os informes técnicos pertinentes dos órganos indicados na cláusula precedente, que respectarán en todo caso os criterios obxectivos de reparto establecidos na cláusula segunda do presente convenio.

Ditos informes técnicos validaranse de conformidade co previsto na cláusula sétima deste convenio, e teranse en conta para a verificación do cumprimento do convenio no momento da xustificación, de conformidade co previsto na cláusula decimo primeira do mesmo.

Así mesmo, difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos para os que se realiza a transmisión dos fondos, asumindo as seguintes obrigas:

- a) Recadar as solicitudes e as adhesións dos concellos seleccionados e a aceptación das bases reguladoras contidas neste convenio, e facelas chegar ao departamento indicado na cláusula terceira. A adhesión e aceptación dos concellos deberá ser efectuada por escrito polo órgano competente.
- b) Publicitar e difundir entre os concellos interesados as liñas de axuda a que se refire o presente convenio.
- c) Remitir aos concellos os informes validados pola comisión de seguimento, de conformidade co previsto no presente convenio, e comunicar aos seleccionados a adxudicación das axudas, que se realizará mediante resolución do/a conselleiro/a de Sanidade, sen prexuízo da súa delegación de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia..
- d) Entregar aos concellos seleccionados os fondos recibidos de acordo cos criterios e bases reguladoras establecidas no presente convenio.
- e) Comprobar o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como aportar a documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención. Todo isto farase en base á documentación presentada polos concellos.
- f) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedente da subvención e entregar a xustificación presentada polos concellos.
- g) Someterse ás actuacións de comprobación que, respecto da xestión de ditos fondos, poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro de ditos fondos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteditas.



- h) Levar a cabo as labores de intermediación entre a Xunta de Galicia e os concellos intervinientes, cando así lle sexa solicitado.
- i) Remitir as oportunas certificacións e/ou informes municipais acreditativos do cumprimento dos programas desenvolvidos.
- j) Presentar as declaracións de axudas solicitadas ou concedidas en cada concello para a mesma finalidade e, en caso de non ter ningunha axuda, a presentación dunha declaración de que so se percibe este importe para esta finalidade.
- k) Colaborar no impulso de medidas de protección dos profesionais e dos centros sanitarios públicos, dentro do ámbito territorial dos concellos, fronte ás accións de violencia sanitaria dos usuarios, familiares ou acompañantes, en tanto que o Servizo Galego de Saúde serve aos cidadáns de ditos ámbitos, para o que se acordarán protocolos de cooperación entre as administracións sanitarias e os concellos da súa circunscrición. Entre as medidas a prever integraranse aquelas nas que deban intervir os corpos e forzas de seguridade do Estado, con competencias de ámbito local, para facer efectiva a protección e seguridade dos profesionais.
- l) Devolver os posibles remanentes das axudas concedidas antes do 31 de decembro de 2020.
- m) As demais obrigas previstas no convenio.

A FEGAMP, a quen se lle entregarán os fondos das axudas, distribuirá os mesmos segundo os informes técnicos a que se refire a presente cláusula.

Quinta.-Obrigas dos concellos que se adhiran ao presente convenio e acepten as bases nel contidas.

1. Os concellos que, previos os informes técnicos necesarios, accedan aos fondos a que se refire o presente convenio non poderán estar incursos en ningunha das circunstancias determinadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, como excluíntes do acceso á condición de beneficiario.

2.- A realización dos programas levarase a cabo mediante os medios dispostos polos Concellos. Estes medios contarán coas debidas autorizacións, de conformidade co previsto na normativa sanitaria aplicable aos establecementos de tratamento de drogodependencias.

Os concellos incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio que se adhiran e acepten as bases reguladoras nel contidas, asumen os seguintes compromisos:

- a) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde



b) Realizar os rexistros necesarios no historial do paciente de acordo coas instrucións do Servizo Galego de Saúde e conforme o disposto a Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes. Os profesionais sanitarios que precisen cumprimentar datos ou consultar a historia clínica electrónica utilizarán IANUS e SIHGA como principal ferramenta de traballo, sen prexuízo do uso de ferramentas informáticas específicas incluídas no catálogo corporativo e integradas neste.

c) Manter a coordinación cos departamentos indicados na cláusula 3, así como cos servizos de psiquiatría e os responsables de saúde mental da área sanitaria.

d) Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Aditivos da Comunidade Autónoma.

e) Axustarse a lei de protección de datos e as instrucións e normativa sobre acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde.

f) Cumprir os criterios de austeridade, eficiencia e oportunidade das actividades e gastos comprometidos.

g) Comunicar á xefatura territorial da Consellería de Sanidade calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal conforme a normativa vixente en materia de autorización de centros sanitarios.

h) Xustificar a través da FEGAMP o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute dos fondos.

i) A participación do concello suporá o consentimento expreso dos interesados á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

j) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

3. Ademais, os concellos comprométense ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no mesmo e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a ésta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



Sexta.- Finalidade das axudas para as Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs).

Servirán para levar a cabo o desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, a través das unidades que atenderán a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade.

Dita atención comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia, en coordinación co sistema de servizos sociais.

A intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos aditivos farase a través das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD) das que dispoñan os Concellos. Ditas Unidades dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local e en ningún caso terán vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

Sétima.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio en canto a relación entre a administración autonómica e a FEGAMP, créase unha Comisión de seguimento composta por unha persoa representante da Consellería de Sanidade, dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde, unha persoa representante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e catro persoas representantes da FEGAMP. As persoas representantes designadas polas consellerías e o Servizo Galego de Saúde terán, como mínimo, rango de xefe/a de sección. Unha das persoas representantes pola Xunta de Galicia presidirá a comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que poidan producirse.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Valorar os informes técnicos previstos nas cláusulas terceira e cuarta do presente convenio, e comprobar e garantir a súa correspondencia cos criterios obxectivos determinados na cláusula segunda, con carácter previo ao libramento dos fondos conveniados.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das actuacións previstas no convenio.



- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.
- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución dos convenios.

Como mecanismo individual de seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, en canto as actuacións derivadas das relacións entre a administración autonómica e cada concello que se adhira ao mesmo e acepte as bases reguladoras nel contidas, poderase crear unha Comisión técnica de seguimento composta por dúas persoas representantes da Administración sanitaria, unha persoa representante do concello e unha persoa representante da FEGAMP. As funcións desta Comisión técnica serán:

- Velar polo cumprimento do convenio no que se refire as relacións entre a administración autonómica e o concello que acceda aos fondos previstos neste convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.

Oitava.- Achegas económicas.

A Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento das actividades comprendidas no obxecto deste convenio, cun importe total de TRES MILLÓNS NOVECIENTOS SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (3.979.799,92 €), con cargo á aplicación orzamentaria 5001.413A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

O pagamento anticipado do 100% do importe da subvención concedida realizarase dunha soa vez. Cada Concello, previos os informes técnicos previstos, recibirá un importe global e único para os programas que desenvolva, determinado polo cumprimento dos criterios obxectivos de reparto establecidos na cláusula segunda deste convenio.

Novena.- Período de entrega dos fondos á FEGAMP.

A FEGAMP, como entidade colaboradora, recibirá os fondos correspondentes na medida e coa antelación necesaria para facilitarlle os pagamentos aos concellos seleccionados, de conformidade co indicado na cláusula seguinte.

Ata a súa entrega aos beneficiarios, os fondos entregados á FEGAMP consideraranse en depósito e en ningún caso ésta considerará os fondos recibidos como integrantes do seu



patrimonio nin do seu orzamento, nin poderán ser obxecto de retención ou minoración, e deberán ser obxecto de contabilización separada.

A FEGAMP levará os rexistros contables debidos para facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

Unha vez recibidos os fondos pola FEGAMP no presente exercicio, esta transferirá aos concellos seleccionados a cantidade que lle corresponda de conformidade cos informes técnicos previamente elaborados.

A FEGAMP acreditará ante as entidades asinantes a entrega dos fondos aos concellos seleccionados mediante xustificante de pagamentos válidos (extractos ou certificación bancaria debidamente identificados).

Décima.- Libramento de fondos aos concellos.

O libramento dos fondos realizarase mediante o anticipo do 100% do importe da subvención concedida (3.979.799,92 €), trala firma do presente convenio, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De conformidade co previsto no artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a autorización do convenio polo Consello da Xunta de Galicia implicará tamén a autorización da exoneración da constitución de garantía.

Décimo Primeira.- Gastos subvencionables e xustificación.

De conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, consideraranse gastos subvencionables aqueles que:

- a) De xeito indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas ao abeiro deste convenio e resulten estritamente necesarios.
- b) Se realicen e sexan efectivamente pagados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.



Aos efectos do previsto no artigo 46 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os concellos presentarán ante a FEGAMP, acreditando expresamente o destino e importe dos gastos efectivamente realizados con cargo a cada programa e axuda, os documentos xustificativos seguintes:

1. Certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que ten sido concedida a axuda, de conformidade co establecido nos artigos 28 a 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

1.1º Na certificación debe constar que o importe da subvención concedida foi efectivamente pagado pola entidade local perceptora con anterioridade á finalización do período de xustificación.

1.2º Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase na certificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades.

2. Documentación acreditativa da conta de resultados, segundo o modelo do Anexo 1, na que se detallen os gastos de persoal e outros gastos derivados da realización do programa subvencionado.

2.1º O importe xustificado como gasto de persoal deberá acadar, como mínimo, o 80% do importe concedido a través deste convenio.

2.2º As actividades realizaranse por persoal propio das entidades locais de xeito xeral. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade local poderá subcontratar até un máximo do 75% do importe da actividade subvencionada. O importe que exceda desta porcentaxe non será subvencionable.

A este respecto, serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da



contratación.

3. Cadro de persoal, segundo o modelo do Anexo 2.

4. No caso de programas de asistencia a trastornos aditivos deberán presentar unha memoria descriptiva breve da actividade realizada, segundo o modelo do Anexo 3, así como cumprimentar os datos esixidos polos instrumentos de planificación vixentes en materia de drogodependencias e asistencia sanitaria.

En todo caso, as entidades asinantes resérvanse o dereito de solicitar tanta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

5. Esta documentación presentarse ante a FEGAMP con data límite 22 de febreiro de 2021.

A FEGAMP comprobará a acreditación do cumprimento e efectividade das condicións e requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión dos fondos, con base na documentación presentada polos concellos seleccionados.

A FEGAMP entregará a xustificación presentada ao departamento indicado na cláusula terceira do convenio, acompañando certificación da persoa que exerza a secretaría da Federación, co visto e prace da persoa que exerza a súa presidencia, do cumprimento do obxecto do presente convenio, baseada nas certificacións anteriores.

A documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde coa data límite do 8 de marzo de 2021.

Con base na indicada documentación, o órgano indicado na cláusula terceira do presente convenio levará a cabo a comprobación da xustificación documental e emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións previstas no convenio.

A Xunta de Galicia, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.



Décimo segunda- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas de reintegro previstas no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver sen contar coa previa autorización escrita da Administración sanitaria.
- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación a data de finalización da vixencia do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación dos importes das axudas.

Décimo terceira.- Xurisdición e normativa aplicable.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en canto non se opoña ao establecido na dita Lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

Décimo cuarta.-Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de marzo de 2021.



En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar mencionados no encabezamento.

Pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo	Pola Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde	Pola Federación Galega de Municipios e Provincias
Alfonso Rueda Valenzuela	Julio García Comesaña	Alberto Varela Paz



ANEXO 1 : CONTA DE RESULTADOS. ANO 2020

UAD /UD Concello de

A.- INGRESOS	CANTIDADE	B.- GASTOS	CANTIDADE
A.1 SUBVENCÍONS,DONACÍONS E LE-GADOS		B.1 GASTOS DE PERSOAL	
A.1.1 Subvencíons da Comunidade Autónoma		B.1.1 Retribucións básicas e complementarias	
A.1.2 Subvencíons do Estado (M.A.S.)		B.1.2 Cuotas á Seguridade Social	
A.1.3 Subvencíons de outras Comunidades Autónomas		B.1.3 Gastos de formación do persoal	
A.1.4 Subvencíons de Concellos		B.1.4 Gastos de viaxe	
A.1.5 Subvencíons de Diputacións			
A.1.6 Subvencíons de outros Organismos Públicos		B.2 PRODUCTOS FARMACÉUTICOS E SANITARIOS	
A.1.7 Subvencíons de institucións privadas		B.2.1 Productos farmacéuticos	
A.1.8 Donacións		B.2.2 Metadona	
A.1.9 Legados		B.2.3 Material sanitario de consumo	
A.2 DEUDAS CON ENTIDADES DE CRÉDITO		B.3 PRODUCTOS ALIMENTICIOS	
A.3 INGRESOS POR CUOTAS DE SOCIOS		B.4 VESTUARIO, LENCERÍA E CALZADO	
A.4 INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS		B.5 OUTROS APROVISIONAMENTOS	
A.5 INGRESOS POR VENDA DE PRODUCTOS		B.5.1 Combustibles	
A.6 INGRESOS POR ACTIVIDADES DE RECAUDACIÓN		B.5.2 Material de limpeza e aseo	
A.7 INGRESOS FINANCIEROS		B.5.3 Material de oficina e diversos	
A.8 INGRESOS EXTRAORDINARIOS		B.6 SERVICIOS EXTERIORES	
A.9 INGRESOS E BENEFICIOS DE EJERCICIOS ANTERIORES		B.6.1 Arrendamento	
		B.6.2 Reparacións y conservación	
		B.6.3 Servicios de profesionais independentes	
		B.6.4 Transportes	
		B.6.5 Primas de seguros	
		B.6.6 Suministros	
		B.6.7 Limpeza	
		B.6.8 Traballos realizados por outras empresas	
		B.7 TRIBUTOS	
		B.8 PRENSA, REVISTAS, LIBROS	
		B.9 OUTROS SERVICIOS	
		B.10 GASTOS FINANCIEROS	
		B.11 AMORTIZACIÓN DE DEUDAS CON ENTIDADES DE CRÉDITO	
		B.12 GASTOS E PERDAS DE EJERCICIOS ANTERIORES	
		B.13 GASTOS EXTRAORDINARIOS	
TOTAL INGRESOS		TOTAL GASTOS	

[illegible]

ANEXO 3 :MEMORIA FINAL

Achegarase un arquivo en formato pdf e asinado electronicamente coas seguintes características:

Máximo de 5 páxinas

Marxes de 2 cm

Letra Arial, tamaño 11

Interlineado sinxelo

A memoria deberá constar, como mínimo, dos seguintes apartados:

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, organigrama no que se determine a responsabilidade dos servizos prestados, horario de funcionamento do centro, localización, número de despachos.
2. Cadro de persoal: Nome e apelidos, titulación, posto
3. Actividades realizadas:
 - Pacientes atendidos no ano natural desagregados por sexo.
 - Medidas de coordinación establecidas con outras entidades do ámbito das adiccións da área sanitaria de referencia (dispositivos asistenciais ou de intervención social, dispositivos de atención a saúde mental e de atención primaria, entidades adicadas ao desenvolvemento de programas de intervención xurídico social e outras coas que se traballe en rede para a atención integral dos pacientes obxecto do presente convenio) detallando a frecuencia aproximada.
 - Actividades de investigación publicadas ou presentadas en congresos científicos.
 - Relación detallada de programas, xornadas, cursos, congresos científicos e outras actividades formativas realizadas ao longo da vixencia do convenio, especificando os profesionais implicados nas mesmas, e o seu grado de participación.